

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (APROL RURAL), NOMEAMENTO DE TRIBUNAL, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPEDIENTE ORIXE: 2021/E001/000005.

EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/000293.

O 30/06/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, dita resolución pola que se autoriza a contratación, por un período de 9 meses, dun peón, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado, e ten entrada no rexistro do Concello de Sobrado o 01/07/2021.

Mediante Decreto de Alcaldía Nº 262/2021, do 105/07/2021, aprobouse a convocatoria e bases do concurso-oposición para a contratación dun peón a xornada completa, para a realización do Servizo de Limpeza de Montes do Concello de Sobrado para o ano 2021 (Aprol Rural).

Tras a publicación do oportuno anuncio e a presentación no SPE de Melide da pertinente oferta de emprego, e unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, a base terceira establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e que terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que emendar.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

Admitidos/as:

APELIDOS E NOME	NIF	CELGA
ABAD ABAD JOSÉ MANUEL	***8317**	Non validado
DAS NEVES PIRES, HELIODORA DE JESÚS	***4114**	Non validado
RÚA FERNÁNDEZ, LUCÍA	***0410**	Non validado

Excluídos: Ningún/ha.

SEGUNDO.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador que serán os seguintes:

Presidente: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís García Vázquez (Empregado público do Concello de Curtis).

1º Vogal: Dª. María Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís González Guerra (Empregado público do Concello de Boimorto).

2º Vogal: Dª. Mª Jesús Rivas Moscoso (Empregada pública do Concello de Santiso).

Suplente: D. Jesús Sánchez García (Empregada público do Concello de Curtis).

3º Vogal: Dª. Mª Teresa Mato Martínez (Empregada pública do Concello de Santiso).

Suplente: Dª. María Teresa Alcalde Valle (Empregada pública do Concello de Santiso).

Secretaria: Dª. Alejandra D. Fandiño Sánchez (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: Dª. Mª Carmen Pulleiro Guerreiro (Empregada pública do Concello de Santiso).

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador para a súa constitución, o **día 14 de Xullo de 2021, ás 09:00 horas**, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso e seguidamente proceder a realizar a fase de oposición no Pavillón Municipal Deportes do Concello, as 09:30 horas, ós/ás aspirantes.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes para que concurran ao Pavillón Municipal de Deportes do Concello, o **día 14 de Xullo de 2021, ás**

09: 30 horas, có obxecto de realizar a proba práctica (fase de oposición) e, no seu caso, a proba oral de coñecemento de galego.

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

Mándao e asíno, o sr alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde
Luís Lisardo Santos Áres
Sánchez

A Secretaria
Alejandra D. Fandiño